

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DO DOUS  
MIL VINTE: -----**

**EXPTE. NÚM. 2020006296**

**PRESIDENTE:  
Telmo Martín González**

**CONCELLEIROS/AS:  
Juan Antonio Deza Otero  
María Paz Lago Martínez  
Daniel Arosa Dasilva  
María Deza Martínez  
Marcos Guisasola Padín  
Flavia Besada Otero  
Oscar Vilar Sartages  
Jaime Leiro Otero  
Paula Martínez Santos  
Ainhoa Fervenza Celestino  
Marta Caneda Prieto  
Fernando Otero Montes  
Sandra Fernández Agraso  
Andrea Ucha Bouzada  
Vanessa Rodríguez Búa**

**INTERVENTOR:  
José Juan Vidal Vilanova**

**SECRETARIO ACCTAL.:  
Luis Angel Sabariz Rolán**  
=====

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e tres minutos do d3a vinte e oito de setembro de dous mil vinte, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde TELMO MART3N GONZ3LEZ**, reun3ronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesi3n ordinaria da Corporaci3n Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o d3a de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia decl3rase aberta a sesi3n.----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----



## **A) ACTAS ANTERIORES:**

**1º) EXPTE. NÚM. 2020004616: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 27 DE XULLO DE 2020.** Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ao acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade.**-----

**2º) EXPTE. NÚM. 2020005074: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 11 DE AGOSTO DE 2020.** Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ao acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade.**-----

**3º) EXPTE. NÚM. 2020005142: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 11 DE AGOSTO DE 2020.** Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ao acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade.**-----

**4º) EXPTE. NÚM. 2020005930: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 11 DE SETEMBRO DE 2020.** Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ao acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbese a referenciada acta por unanimidade.**-----

## **B) PARTE DISPOSITIVA:**

**5º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2019.** O Sr. Secretario acctal. sinalou que, durante o período de información pública, non se produciron alegacións sobre esta Conta, levada á **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do 07 de agosto de 2020.



Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular),**

**Votos en contra: 0.**

**Abstencións: 07 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** aprobar a **Conta Xeral do exercicio de 2019**, que se informou pola Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 07 de agosto de 2020.

**SEGUNDO:** remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia.-----

**6º) EXPTE. NÚM. 2020005568: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBAR O “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS AO FINAL DA SÚA VIDA UTIL OU FÓRA DE USO”. O Sr. Secretario acctal. dá conta do ditame favorable a proposta da Comisión de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2020.**

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP**, tomou a palabra para explicar os pormenores do convenio que xa foi asinado noutras ocasións. Explicou, que en 2019 foron retirados seis vehículos da vía pública e que a Deputación recolle e trata os mesmos para evitar a contaminación.

A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG**, considerou beneficioso o convenio para o concello, pois todos os gobernos municipais sufriron as consecuencias de ter coches abandonados con numerosas queixas veciñais. Rematou dicindo que o convenio é moi interesante para axilizar as retiradas.

O **Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, tamén considerou moi beneficioso o convenio, tendo en conta, ademais, que non ten custo para o concello.

Non se produciron máis intervencións, e o **Sr. Presidente** someteu a referida proposta a votación, sendo **aprobada por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** encomendar de novo a Deputación Provincial de Pontevedra a xestión do Servizo de retirada de vehículos ao final da súa vida útil ou fora de uso. A encomenda da xestión non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos sustantivos do seu exercizo, sendo o seu prazo de vixencia de dous anos dende a sinatura do convenio que formalice a encomenda, e poderá ser prorrogado por dous



anos mais en caso de acordo entre o Concello e Deputación, sempre que se prorrogue o contrato que rexe a prestación do servizo.

**SEGUNDO:** esta encomenda de xestión formalizárase mediante a sinatura do convenio remitido pola Deputación de Provincial de Pontevedra, mediante escrito de este organismo, rexistrado de entrada neste concello co número 2020006992 o día 5 de agosto de 2020, que tamén se aproba por medio deste acordo plenario, facultando ao Sr. Alcalde D. Telmo Martín González para a súa sinatura.-----

**7º) EXPTE. NÚM. 2020002865: PROPOSTA DA ALCALDÍA RESPECTO DA XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).** O Sr. Secretario acctal. dá conta do ditame favorable a proposta da **Comisión de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2020.**

O Sr. Arosa Dasilva, concelleiro do Grupo Municipal do PP, manifestou que ía ser “Terra de Sanxenxo” a que proceda á contratación deste servizo, indicando que por razóns de control e calidade o contrato que mellor se adapta á situación existente é o contrato de servizos.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto, tildou de “chapuza” de “Telmo e compañía” todo o ocorrido, indicando que xa en xuño se comentou isto cando se celebrou antes o pleno proposto polo goberno que o pleno solicitado pola oposición, pisoteando os dereitos dos concelleiros asinantes da petición. Tamén dixo que todo isto pasaba polas presas indebidas e aquí está a proba, facendo referencia a que o dez de xullo interpuxo recurso de reposición contra a urxencia da sesión de nove de xuño e non se lle contestou e agora, se recoñece que a forma de contratación non é a axeitada, cando é un tema que había que estudalo con tempo. Rematou reiterando a frase “bravo pola chapuza” amosándose favorable á primeira parte do acordo, pero non coa segunda, e anunciando que polo sucedido ía a votar en contra.

O Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que reiteraba no dito no pleno do pasado nove de xuño, no que se amosou partidario da xestión directa contando coas traballadoras actuais, que sempre será menos custosa. Indicou que o pretendido contrato de xestión de servizos públicos non era viable cando houbo oportunidade de facer as cousas ben. Preguntou canto custou o informe de viabilidade encargado polo goberno local, suxerindo que dito custo podía ser adicada a outra cousa. Rematou dicindo que non queda claro que co novo contrato administrativo sigan a traballar as integrantes actuais do SAF ou se poderán ser despedidas como dixo o alcalde no seu día.

A Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG, manifestou que estivo sempre en contra das privatizacións, e que no caso que tratamos as presas do equipo de goberno deixaban sen sentido o pleno celebrado no seu día por parte da oposición de forma “torticeira”. Coincidiu co Sr. Torres Pérez para que se subroga a todo o persoal de calquera tipo cando o alcalde indicou que todo se faría de acordo coa normativa. Explicou a continuación a diferenza entre o contrato de servizo e o contrato



de xestión de servizos públicos criticando que o Sr. Arosa Dasilva se limitara a falar dun control máis intenso, cando debeu de explicar a cuestión da modalidade contractual de xeito pormenorizado. Rematou dicindo que, efectivamente, por materia de risco para o contratista, polas características do servizo de axuda no fogar (non hai acceso libre de usuarios) e por cuestións de competencia, o contrato debe ser de servizos o que pasa que en xuño se levou todo o asunto a correr, sen máis análise.

A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, reiterou todo o expresado polos seus compañeiros de oposición, cualificou o pleno o convocado en xuño como de “tongo”, pregándolle ao secretario e ao interventor que non actúen nunca polas presas, que non estean as ordes do grupo de goberno, pois logo teñen de contradicirse. Rematou dicindo que todo estaba mal tramitado, que non se lle permitiu actuar tanto ao secretario como ao interventor e que o seu grupo van votar en contra porque non queren a privatización.

O **Sr. Arosa Dasilva** remitiuse aos informes da secretaría emitidos con motivo do pleno extraordinario. Engadiu que nun principio valorouse a formalización dun contrato de servizos públicos pero houbo que corrixir isto ao non ser viable, tendo en conta, os informes dos técnicos municipais. Díxolle á Sra. Fernandez Agraso que, aínda que agora se opón á privatización, ela levouna a cabo cando estivo no goberno tanto no centro de día como nas escolas infantís.

A **Sra. Rodríguez Búa** respondeulle ao Sr. Arosa Dasilva dicíndolle que non defenda o indefendible, insistindo no termo “chapuza”. Manifestou que se aproveitou a Covid-19 para paralizar a petición de pleno extraordinario. Rematou insistindo no informe emitido sobre o pleno emitido o 04 de xuño de 2020 indicando que “onde hai papeis calan barbas”.

O **Sr. Torres Pérez** interesouse de novo por canto vale o informe de viabilidade do servizo e si se está garantido o feito de contratar a todas as traballadoras.

A **Sra. Fernández Agraso** acusou ao Sr. Arosa Dasilva de “mentir máis que falar” engadindo que tardaron catro meses para convocar un pleno extraordinario pero que logo foron “pillados nas patacas”. Sobre o centro de día e as escolas infantís indicou que o concelleiro popular estaba daquela noutros partidos e ben que criticou o plan de axuste, lembrando que o documento non permitía municipalizar estes servizos, véndose na obriga de apoialo. Anunciou que se se tratase de municipalizar estes servizos agora o voto do BNG sería favorable. Indicou que o “control do que fala agora do Sr. Arosa” non é tal, pois o contrato de servizos é agora o único instrumento para externalizar o SAF, manifestando que o concelleiro de servizos sociais non explica á cidadanía a que ven o cambio dun acordo tomado “a correr” para deixar sen efecto o pleno solicitado pola oposición. Criticou que se solicitasen informes externos cando o Sr. Guisasola Padín falaba que había moitos técnicos cualificados no concello para emitilos. Rematou criticando tamén que o goberno local se dera conta agora de que a competencia de servizos sociais está en “Terra” cando iso non é ningunha novidade.



A **Sra. Fervenza Celestino** insistiu en que os técnicos sexan independentes e non se lles presione.

O **Sr. Arosa Dasilva** lembrou que o Sr. Guisasola Padín impulsou tamén a municipalización do servizo de limpeza.

A **Sra. Fernández Agraso** dixo que o da limpeza foi tramitado antes do plan de axuste.

Despois de manifestar a **Sra. Deza Martínez**, que as Sras. Fernández Agraso e Rodríguez Búa non estaban dicindo a verdade, tomou a palabra o **Sr. Presidente** manifestando que o plan de axuste foi para equilibrar os ingresos e os gastos dicindo que a municipalización do servizo de limpeza era para reducir gastos. Seguiu a dicir que o SAF debe estar externalizado e da mesma opinión son moitos concellos que o teñen así, entre eles os presididos polo BNG. Lembrou que o 01 de xuño de 2017 cando chegou de novo á alcaldía tivo unha reunión coas 23 mulleres do SAF e as mesmas traballadoras pedíronlle externalizar o servizo que se presta durante a fin de semana. Engadiu, que a traballadora responsable do servizo, Sra. Ferro García (á que agradeceu o traballo que está a realizar no servizo) tivo e ten numerosas dificultades para cubrir o horario en xeral. Mostrouse partidario de contar cunha empresa externa como teñen en Cambados, Vilanova, etc..., porque así queda solucionado o tema de baixas, vacacións, etc,.. lembrando que teñen 43 peticionarias do servizo. Considerou positiva a lei de dependencia pero, que dos 20 euros hora que custa o servizo, e logo das subvencións o concello ten que abonar 8.30 euros/hora e que estabamos a falar de 40.000 horas. Respondeu á pregunta do Sr. Torres Pérez dicindo que o estudo externo tivo un conсте duns 3.000 euros e que aínda que conta co secretario, co tesoureiro e co interventor falta persoal cualificado para moitas cousas. Recoñeceu que houbo un erro en canto á competencia de “Terra”, solicitando a comprensión da corporación pola situación que estamos a vivir coa Covid-19.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular),**

**Votos en contra: 07 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Abstencións: 0.**

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** deixar sen efecto o acordo plenario de data de 09 de xuño de 2020 referente a determinación de que a xestión do SAF do Concello de Sanxenxo se preste mediante concesión de servizos, así como o relativo ao réxime xurídico.



**SEGUNDO:** que a xestión do servizo de axuda no fogar do Concello de Sanxenxo se preste a través do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, organismo que está habilitado para realizar dita xestión en función do sinalado no artigo 3.J dos seus estatutos, e derivando ao citado organismo autónomo a tipoloxía de contrato, aprobación, licitación e adxudicación, que non poderá ser a do contrato de concesión de servizos públicos.-----

### **C) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ESCRITOS DA INTERVENCIÓN, DE DATA 03 DE SETEMBRO DE 2020 (RE. NUM. 2020008197 E RE NÚM. 2020008198), COMUNICANDO A REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA O ANO 2021.** O Sr. Secretario indica que están a disposición dos membros da Corporación os escritos do Sr. Interventor do 03 de setembro de 2020, rexistrados de entrada cos números 2020008197 e 2020008198, que a continuación se transcriben literalmente:

#### **-REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 2020008197:**

““Con data 03.09.20 remitíronse ao Ministerio de facenda e administracións públicas as liñas fundamentais do orzamento para o ano 2021.

En virtude do disposto na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, achégaselle copia das mesmas para a súa dación de conta ao Pleno da Corporación. Sanxenxo, 03 de setembro de 2020””

Adxunto a este escrito figuran 26 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 26.

#### **-REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 2020008198:**

““Con data 03.09.20 remitíronse ao Ministerio de facenda e administracións públicas as liñas fundamentais do orzamento para o ano 2021.

En virtude do disposto na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, achégaselle copia das mesmas para a súa dación de conta ao Pleno da Corporación. Sanxenxo, 03 de setembro de 2020.””

Adxunto a este escrito figuran 26 folios, co selo do concello e numerados do 01 ao 26.

**A Corporación deuse por decatada de ámbolos dous escritos.**-----



9º) **POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 04 DE MAIO AO 30 DE XUÑO DE 2020 (DE RES Nº 698/2020 A RES Nº 1.001/2020).** O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía** ditadas dende o **04 de maio ao 30 de xuño de 2020 (de Res. Nº 698/2020 a Res. Nº 1.001/2020)**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por decatada.-----

### **MOCIÓNS:**

1º) **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE CON MOTIVO DA DEMANDA DA VECIÑANZA PARA QUE DENDE O CONCELLO SE REALICEN ACOLLEMENTOS CIVÍS (RE NÚM. 2020009021 DO 25 DE SETEMBRO DE 2020).** A Sra. Fervenza Celestino, voceira do PSdeG-PSOE, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

**“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DA DEMANDA EXISTENTE DOR VECIÑOS E VECIÑAS PAU QUE DENDE O CONCELLO SE REALICEN ACOLLEMENTOS CIVÍS.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O acollemento civil e unha cerimonia laica que simboliza o ingreso do rapaz ou rapaza na sociedade.

Do mesmo xeito que en tódolos Concellos se celebran por parte do Alcalde ou Concelleiros un acto a demanda das propias persoas interesadas no que se celebra a voda civil de dúas persoas amosando un compromiso de unión para os seus familiares e amigos o cal da lugar a unha celebración; o acollemento civil quere ser a mesma figura, un acto no que se da a benvida a unha persoa a nosa comunidade.

En ningún dos dous casos a celebración en si mesma, e dicir o acto tanto da voda civil coma a do acollemento civil, son necesarias legalmente pero si son unha mostra dun xeito de sentir e de ser propios da nosa sociedade, e son necesarias na medida que os propios veciños e veciñas cada vez fan mais demanda da mesma o afastamos doutro tipo de celebracións.

Na actualidade non existe regulación estatal para o acollemento civil, polo que recae nos propios Concellos a súa vontade de celebralos.

O primeiro municipio que reguló a nivel estatal o acollemento civil foi no ano 2004 en Igualada Barcelona, na actualidade existen mais de 21 municipios en Galicia que o teñen coma servizo para os seus veciños e veciñas. Polo que solicitamos o pleno do Concello de Sanxenxo que adopte os seguinte:

### **ACORDO:**

1.Regular unha ordeanza ou norma que permita os veciños e veciñas solicitar o Concello un acto denominada "Acollemento civil" no que un representante do Concello lle dea solemnidade a este acto incluíndo o nome do acollido ou acollida nun rexistro realizado para elo.””





De seguido o **Sr. Presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes**.

A **Sra. Fervenza Celestino** manifestou que isto do acollemento civil é un servizo que foi solicitado por varios veciños que llo pediron a ela persoalmente para que se tomase a iniciativa de que se levase a cabo, argumentando que sería un acto formal parecido aos matrimonios civís que se celebran na casa do concello.

O **Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, anunciou a súa abstención pois non lle vai dicir a ninguén o que ten que facer cando nace un neno. Seguiu a dicir que é crente, e considerou que non é necesario facer celebracións deste tipo no concello pois “o que queira facer unha festa que a faga onde queira”.

A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que non é relixiosa pero que é moi respectuosa coas crenzas de todas as persoas, estimando que non se pode comparar este tipo de actos cun bautismo relixioso, que é acto regrado que ten a súa motivación e ten efectos administrativos na propia igrexa. Engadiu que non admiten comparación estes acollementos civís cos casamentos civís, institución que está regulado e que outorga dereitos aos contraentes. Opinou tamén, que os nenos cando nacen son inscritos no rexistro civil a través do propio hospital e, rematou dicindo que considera unha falta de respecto suplir os sacramentos relixiosos (bautismo, comunión, confirmación, etc) por cerimonia ou festexos alleos a ditos sacramentos, polo que o seu grupo vai votar en contra.

A **Sra. Deza Martínez** mostrouse totalmente de acordo coa opinión da concelleira nacionalista.

O **Sr. Presidente** anunciou que o seu grupo tiña previsto absterse nesta moción, pero en base as opinións escoitadas solicitou á señora Fervenza a retirada da moción, pois agora tiñan xa previsto o voto en contra do texto.

A **Sra. Fervenza Celestino** manifestou que non retiraba a moción, explicando que o acollemento civil nada ten que ver coa relixión, e que é un acto que se celebra en moitos concellos.

A **Sra. Fernández Agraso** reiterou a súa postura contraria á moción, matizando que esta cuestión non é de dereitas nin de esquerdas.

Logo dun debate entre as concelleiras nacionalista e socialista pasouse a votación.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 03 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE).**

**Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, agás a Sra. Martínez Santos, e Grupo Municipal do BNG).**



**Votos pola Abstención: 03 (Sra. Martínez Santos, concelleira do Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia e pola maioría absoluta dos membros de dereito da corporación, a moción non resultou aprobada.-----

**2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE PARA REALIZAR UN ACORDO POLO SECTOR TURÍSTICO GALEGO (RE NÚM. 2020009021 DO 25 DE SETEMBRO DE 2020).** A Sra. Fervenza Celestino, voceira do PSdeG-PSOE, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

**“”MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DE INSTAR A XUNTA A REALIZAR UN ACORDO POLO SECTOR TURÍSTICO GALEGO PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SANXENXO.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A industria turística galega representa o 12,3% do PIB galego e en 2019 xera 123.000 empregos. Cifras que nos últimos creceron ata xerar 314 millóns só en ingresos hoteleiros.

Si estes números son importantes a nivel Galicia, que non serán no noso Concello no que mais dun 80 % do noso PIB ven directa ou indirectamente ligado ao sector industrial turístico.

Como e ben sabido, o sector turístico foi e é, o sector mais golpeado polo Covid, e a súa recuperación será complexa co paso do tempo debido a múltiples factores, que afectan tanto a oferta coma a demanda.

Que a recuperación do turismo se faga axeitadamente dependerá de que se dean os pasos correctos a nivel autonómico, porque Sanxenxo non é un illa, senón que é un destino turístico enclavado nunha comarca, provincia e autonomía, e do ben facer de todas estas administracións dependerá que salvemos o sector que vai pasar un dos invernos mais duros da súa historia no noso Concello.

A Xunta de Galicia non ten unha liña de activación potente para a defensa e a reactivación do turismo, o cal si e grave para o resto da comunidade imaxinamos para Sanxenxo. O Plan de Reactivación da Cultura e Turismo que aprobou na pandemia está superado e resulta insuficiente carecendo de contido a altura dos retos do sector.

O turismo ten que ser un sector estratéxico da Xunta de Galicia ante a crise, e para elo propoñemos que o Concello de Sanxenxo, coma máximo expoñente do turismo de Galicia solicite por escrito a Xunta de Galicia para a realización dun grande acordo polo turismo, do que formen parte Concellos, axentes sociais, sindicatos e asociacións empresariais.

Este acordo terá coma obxectivo que o turismo sexa considerado un sector estratéxico e prioritario para a Administración autonómica.

No marco deste acordo debe establecerse un plan de choque para aforrar ás empresas turísticas, así como un sistema de protección do turismo en cuestións laborais, económicas e ambientais baseadas na sustentabilidade e que promova todas as accións necesarias para a reactivación da actividade e supervivencia das empresas e o mantemento do emprego.

Por iso, dende o Grupo Socialista no Concello de Sanxenxo solicitamos aos demais Grupos municipais, o apoio o seguinte **ACORDO:**



1. Instar o Xunta de Galicia a búsqueda dun gran acordo polo sector turístico e deste xeito establecer un verdadeiro plan de choque para salvar ao turismo na nosa Comunidade Autónoma sendo esto indispensable para que o Concello de Sanxenxo poda manterse nun futuro inmediato.””

De seguido o **Sr. Presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes**.

A **Sra. Fervenza Celestino** engadiu que parte desta moción tamén foi presentada na Xunta de Galicia, e foi denegada, solicitando que haxa un gran acordo xeral en materia turística.

A **Sra. Rodríguez Búa** manifestou que entende as intencións da concelleira socialista pero o que se pide non é mais cunha mera declaración de intencións. Indicou que non son proposta con contido, pois o que hai que aportar son solucións dando por suposto que todo o mundo quere que se axude ao turismo.

O **Sr. Torres Pérez** dixo que se ía a abster porque cada concello debe de facer o máis positivo para o turismo, e na moción non se solicita nada en concreto para Sanxenxo.

A **Sra. Fernández Agraso** considerou que resultaba evidente que había que velar polo turismo de toda a Comunidade Autónoma, preguntándolle á señora Fervenza Celestino cal era o resto da moción, cualificando a mesma como as típicas de “Miss Universo”. Engadiu que estas cuestións xerais serán tratadas polos parlamentarios autonómicos do BNG, anunciando que veñen momentos difíciles para o turismo. Tamén dixo que o seu grupo íase abster porque non se concreta o que se pide que faga a Xunta, non entendendo a man ancha que se lle outorga ao señor Feijóo para facer algo indefinido. Rematou dicindo que se poden traer mocións xenéricas, pero alo menos quere coñecer o que se pode decidir.

A **Sra. Deza Martínez** manifestou que agás o do señor Feijóo está de acordo co exposto pola concelleira nacionalista, responsabilizando ao Goberno central do PSOE de que non se están a solicitar en Europa axudas para o Estado, co obxecto de apoiar o sector turístico, como fixeron por exemplo, Grecia e Italia. Rematou dicindo que a Xunta de Galicia puxo en marcha un plan de apoio ao sector, facendo referencia. Fixo unha referencia ao estudo ExCELTOUR que indica tanto a perda de empregos e os problemas económicos do sector turístico. Finalizou dicindo que o que ten que facer o Goberno central é promover unha xestión estatal de defensa do sector. Por todo o exposto anunciou o voto en contra do Grupo Popular.

A **Sra. Fervenza Celestino** considerou fundamental a dinamización do turismo coa “marca” Galicia e que un concello, como Sanxenxo que vive do turismo, debe solicitar que saia adiante unha mesa do sector. Insistiu en que Sanxenxo é un actor importante para dinamizar o turismo en toda a Comunidade Autónoma.

A **Sra. Fernández Agraso** insistiu en que a moción é unha declaración de intencións e non se pode estar en desacordo coa mesma, pero tampouco o concello pode depender en todo do turismo.



A **Sra. Deza Martínez** manifestou que o turismo representa o 14% do PIB de España, e que porén, no comité de crise estatal pola pandemia non formaba parte nin a ministra do sector. Engadiu que hai que darlle as grazas aos empresarios que se adican ao turismo, pois o PSOE “tira todo pola borda” pois nin solicita as axudas en Europa.

O **Sr. Presidente** dixo na súa intervención que esperaba que D. Alfonso Rueda, novo concelleiro de turismo, trate ben a Sanxenxo, como sempre fixo, recoñecendo que hai que facer mais cousas no concello ademais dos investimentos turísticos. Solicitoulle á señora Fervenza que realice xestións para que os proxectos de Sanxenxo presentados no Servizo de Costas non sexan paralizados no Ministerio de Transmisión Ecolóxica do Estado.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 03 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE).**

**Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Votos pola Abstención: 04 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos membros de dereito da corporación, a moción non resultou aprobada.**-----

**3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E A TRATA DE MULLERES, NENAS E NENOS (RE NÚM. 2020009021 DO 25 DE SETEMBRO DE 2020).** A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do PSdeG-PSOE**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

**“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E A TRATA DE MULLERES, NENAS E NENOS PAU A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SANXENXO.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 23 de setembro conmemórase o Día internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos. Esta práctica, estendida por todo o mundo, é unha manifestación extrema da desigualdade das mulleres e da súa pobreza na nosa sociedade.

A trata de mulleres e de nenas con fins de explotación sexual é un dos máis terribles negocios do mundo, se non o maior. Segundo datos de Nacións Unidas e da Unión Europea, as mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata detectadas en todo o mundo e o 80 % das identificadas en Europa occidental; o 95% delas acaban explotadas para a prostitución. A explotación sexual é a forma máis común de explotación (59%) seguida do traballo forzado (34%). As mulleres, ademais, atópanse entre as máis afectadas pola pandemia.



Compartimos o chamamento de Nacións Unidas para que a resposta ao COVID-19 e a recuperación posterior a nivel mundial asignen un lugar prioritario á dignidade e os dereitos humanos. Debemos redobrar os esforzos para protexer ás vítimas de trata e evitar que as persoas vulnerables sexan explotadas.

Desde o Concello de Sanxenxo asumimos que desde os nosos ámbitos competenciais debemos seguir traballando para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual.

Así mesmo queremos recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que seguen prestando servizos vitais durante a crise, localizando ás vítimas e axudándoas a ter acceso á xustiza, a saúde e a asistencia e protección sociais, e evitando que se produzan máis actos de abuso e explotación.

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten a mulleres, nenas e nenos, prostituíndoos. Os estudos e as experiencias noutros países indícanos que alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata. Por tanto, entendemos que para combater a trata de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que acabar coa prostitución.

Hai que abolir e erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, defender a dignidade das mulleres e terminar coas redes e as mafias que se lucran explotando ás mulleres, nenas e nenos. Debemos protexer e asistir ás vítimas, cooperar cos países de orixe e concienciar á cidadanía de que é unha forma de escravitude.

A prostitución e a trata con fins de explotación sexual son un dos rostros máis crueis da feminización da pobreza, así como unha das peores formas de violencia contra as mulleres cuxo sufrimento se agravou debido á pandemia.

Por iso, desde o Grupo Socialista no Concello de Sanxenxo solicitamos aos demais Grupos municipais, o apoio aos seguintes ACORDOS:

1. Instar o Goberno municipal a que impulse // reforce o marco normativo municipal (ordenanzas....) para loitar contra a prostitución e a trata con fins de explotación sexual co obxectivo de:

a..reforzar os servizos municipais para dar cobertura integral (legal, psicolóxica, sanitaria e de inserción sociolaboral, etc.) ás vítimas de trata xa mulleres en situación de prostitución.

b.establecer as medidas necesarias de prevención e sensibilización para desincentivar o consumo de prostitución, especialmente dirixidas a homes e de maneira específica a homes novos.

c.adoptar as medidas para evitar a publicidade de servizos de prostitución.

2.Instar o Goberno autonómico, dentro do seu marco competencial, a impulsar as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas, xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución e á imaxe vexatoria das mulleres e a perseguir a delincuencia organizada dedicada a esta actividade ilícita.

3.Estreitar a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas.

4.Dar traslado deste acordo plenario ao presidente da Xunta de Galicia.””

De seguido o **Sr. Presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes**.



A **Sra. Fervenza Celestino** manifestou que parece que este tema da explotación social non causa alarma social en Sanxenxo porque son nulas as medidas no municipio para rematar con esta situación que tanta relación ten coa violencia doméstica e machista. Espuxo que hai dous lugares coñecidos onde se practica a prostitución, e que tamén hai dous pisos coas mesmas prácticas. Indicou que hai que tomar medidas en materia educativa nos colexios e institutos para evitar a explotación sexual, incentivadas polo concello, recoñecendo que se adoptou algunha medida positiva, coma por exemplo, as "despedidas de solteiro".

A **Sra. Rodríguez Búa** recoñeceu que era importante todo o que se fixera nese tema, pero que hai unha normativa que debe respectarse e unha atribución de competencias ás distintas administracións públicas. Rematou dicindo que aínda que non se propoñen medidas concretas, e que estamos diante dunha declaración de intencións, vai votar a favor.

O **Sr. Torres Pérez** tamén se mostrou a favor da moción, recoñecendo que é un tema delicado para o que non se considera moi preparado para debater.

A **Sra. Fernández Agraso** amosouse tamén a favor da moción, pero indicou que aínda que hai determinadas competencias municipais neste asunto, abolir ou rematar coa prostitución non é unha decisión que pode tomar o concello. Engadiu que este tema compete ao goberno central pero que é unha cuestión delicada e controvertida pola situación das mulleres afectadas, que non están todas na mesma casuística. Considerou que o concello non pode ditar normas, por moito que se potencie o CIM e á educación nos colexios. Rematou insistindo en que para comezar a eliminar a prostitución o órgano competente é o Estado.

A **Sra. Deza Martínez** dixo que, como muller, rexeita, obviamente, a trata de mulleres e a prostitución, considerando ademais que neste negocio do sexo hai menores maltratados que venden o seu corpo sen consentimento. Analizou a situación do municipio de Barcelona cunha ordenanza de sancións para clientes ou a prostitutas pero que un concello non pode regular algo para erradicar a prostitución. Fixo referencia a un estudo da Universidade Autónoma de Barcelona no que se analiza a revitimización das vítimas e o incremento da clandestinidade cando se trata de rematar coa prostitución. Insistiu en que o concello non pode facer un marco normativo, dicindo que o CIM atende a posibles vítimas e que se organizan charlas para adolescentes. Rematou dicindo que rexeita a trata de mulleres e de homes e que a quen lle compete esta cuestión é ao goberno central, a través do Ministerio de Igualdade.

A **Sra. Fervenza Celestino** recalcou que hai pisos e locais de explotación sexual en Sanxenxo e que é triste ter que baixar a cabeza e sentir vergoña cando os nosos fillos nos preguntan sobre estes establecementos cando pasamos por alí con eles. O concello ten que ser máis incisivo con este tipo de locais, comprobando as licenzas e "tocarlle así un pouco os pes". Opinou que o concello ten que asumir competencias con actuacións da Policía Local.



A **Sra. Fernández Agraso** dixo que, en todo caso, a que ten que facer a vixianza nos locais é a garda civil, porque asumir competencias sen soporte xurídico é un perigo.

A **Sra. Rodríguez Búa** indicou que os concelleiros son representantes do pobo pero que hai que ser moi conscientes e responsables nas súas actuacións porque os domicilios son inviolables e os cidadáns teñen uns dereitos. Rematou dicindo que “estabamos a falar cousas importantes e non é precisamente, unha charla de bar”.

A **Sra. Deza Martínez** manifestou que pouco podemos facer en temas de prostitución a nivel municipal, indicando que o que saiba onde están eses pisos dos que fala a señora Fervenza debe presentar a denuncia na Garda Civil.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 07 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Abstencións: 0.**

En consecuencia e pola maioría absoluta dos membros de dereito da corporación, a moción non resultou aprobada.-----

**4º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO SR. TORRES PÉREZ, DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, PARA AMPLIAR OS CUPOS DE UVA ALBARIÑA POR HECTÁREA DURANTE AS PRÓXIMAS VENDIMAS NO CONSELLO REGULADOR DAS RÍAS BAIXAS (RE NÚM. 202009001 DO 25 DE SETEMBRO DE 2020). O Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:**

**“MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACION LIBERAL PARA AMPLIAR OS CUPOS DE UVA ALBARIÑA POR HECTÁREA DURANTE AS PRÓXIMAS VENDIMAS NO CONSELLO REGULADOR DAS RIAS BAIXAS.**

ATT.ALCALDE/PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE SANXENXO.

O Concelleiro do Grupo Municipal S.A.L; Yago Torres Pérez con DNI: 77.400.043-Y, ó amparo do establecido no artigo 97.3 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 28 de Setembro de 2020 a seguinte MOCION URXENTE;

#### **ANTECEDENTES**

PRIMEIRO.- Durante as pasadas colleitas no ámbito da DO Rias Baixas colleitáronse unhas cantidades moi abundantes de uva con récords de produción. Segundo o Regulamento do Consello Regulador das Rías Baixas o límite de produción por hectárea é de 12.000 Kh para a variedade de albariño.

O que sucede é que esta estimación máxima de produción non se axusta á realidade cando hai unha boa colleita e moitos viticultores teñen o problema de que non poden vender todo o seu viño.



Moito deste excedente acaba nun mercado paralelo, irregular, con prezos máis baixos, ademais de que é unha situación que contribúe a degradación da propia imaxe e proxección da DO Rías Baixas.

Se ben é certo que o regulamento antes citado prevé excepcionalmente aumentar ata un 25% esa produción en casos excepcionais sempre é cando o propio Consello o aprobe pro maioría absoluta, só o fixo nunha ocasión hai máis de 5 anos.

**SEGUNDO.-** Dada a necesidade de ofrecer a todos os pequenos e medianos viticultores de Sanxenxo e de toda a zona do Salnés a seguridade xurídica que merecen para vender todo o seu viño de forma regular, contribuír a unha regularización de vendas en paralelo e de baixo prezo, así como de axustar a realidade das produción e colleitas potenciais que se dan nesta zona,

Este grupo municipal solicita para o seu debate e aprobación si procede a seguinte ; MOCION

Solicitamos:

-Instar o pleno do Consello Regulador das Rías Baixas a que incremente os cupos máximos de uva albariña no seu regulamente de forma permanente a fin de fixar ó menos ata 13.500 kg por hectárea.

-Realizar todos os trámites necesarios internos no citado concello e notificar nun prazo de 10 días hábiles ó Presidente do Consello Regulador Rías Baixas do acordo adoptado polo órgano plenario municipal de Sanxenxo si procede.””

De seguido o **Sr. Presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes**.

O **Sr. Torres Pérez, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que a moción non ten un fondo político e foi apoiada por varios grupos nos concellos e noutros colectivos como “Xoves Agricultores”. Dixo tamén que consideraba unha boa iniciativa, tamén para Sanxenxo, xa que non só se vive do turismo e a realidade é que se colleita máis cantidade de uva. Rematou dicindo que na practica ao haber mais produción malvéndese a uva facéndose competencia os propios viticultores.

A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que fixo xestións co presidente do Consello Regulador que está en contra desta iniciativa e incluso a moción presentada no Concello de Vilagarcía foi retirada. Despois de explicar polo miúdo a situación, anunciou o seu voto en contra en base ás posicións que teñen a Asociación de Viticultores de Galicia e o Consello Regulador Rías Baixas.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP**, deu conta de datos de colleita facilitados polo Consello Regulador anunciando tamén o voto en contra do seu grupo.

O **Sr. Torres Pérez** reiterou o positivo da medida manifestando que no propio consello regulador hai bodegueiros que din o contrario á postura do órgano colexiado. Rematou dicindo que senón se adopta a medida, véndese a uva sobranste á baixa.

A **Sra. Fernández Agraso** contestou que o seu grupo non ía a adoptar medidas que non apoia o Consello Regulador.





O **Sr. Presidente** dixo que en cuestión de albariño “Rias Baixas” hai que buscar máis a calidade ca cantidade do produto.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 01 (Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 15 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Grupo Municipal do BNG).**

**Votos pola Abstención: 01 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos membros de dereito da corporación, a moción non resultou aprobada.**-----

**4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AS RUTAS DE AUTOBÚS SANXENXO/SANTIAGO.** A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** expuxo que recibiu varias queixas, sobre todo de estudantes universitarios, de que o servizo de autobuses que prestaba “Monbús” na tarde dos venres dende Santiago de Compostela a Sanxenxo xa non se prestaba na actualidade, solicitando que se realicen as xestións para que se recupere este servizo.

De seguido o **Sr. Presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade dos membros presentes.**

Logo de abrirse un debate sobre a influencia da covid-19 na eliminación temporal dalgúns servizos interprovinciais de autobuses, adoptouse, por **unanimidade**, o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** instar á Xunta de Galicia e a empresa “Monbús” para que se recuperen os servizos suspendidos entre Santiago e Sanxenxo e, viceversa, existentes antes da declaración do estado de alarma, en especial, o que circula os venres a tarde dende a capital de Galicia ata Sanxenxo.

**SEGUNDO:** remitir certificación deste acordo ao órgano competente da Xunta de Galicia e a empresa de transportes.-----

## **ROGOS**

**1º) A Sra. Rodríguez Búa** manifestou que na páxina web do concello non están publicadas as actas dende xaneiro de 2019.



2º) O **Sr. Torres Pérez** pregou ao Sr. presidente que cumpra co compromiso adquirido cos mariñeiros no seu día sobre o arranxo do pantalán da Arnosa, engadindo que a instalación está practicamente en ruínas.

O **Sr. Presidente** contestou que tanto a concelleira Sra. Paz Lago como el fixeron varias xestións sobre este tema pero que hai un grave problema, pois cando queda en seco o pantalán, coa marea baixa, queda impracticable e non se pode reparar. Engadiu que había que facer un dragado e iso xa son palabras maiores, porque cando se instalou hai anos, había un canal de auga e agora non hai máis que lama.

A **Sra. Fernández Agraso** engadiu que este tema foi plantexado no Parlamento de Galicia polo D. Bieto Lobeira pero a realidade é que este pantalán non consta que forme parte nin das instalacións do estado nin nas da Xunta de Galicia.

3º) A **Sra. Fernández Agraso** manifestou que por mor da covid-19 foi unha boa medida abrir as tapas dos colectores de lixo, pero que agora atopámonos co problema de que entran gatos e logo saen danados con bolsas no pescozo. Solicitou así, que se pecharan de novo as tapas, dicindo o **Sr. Presidente** que ía a interesarse por este tema.

4º) A **Sra. Fernández Agraso** criticou a demora na retirada de publicidade electoral en Vilalonga, dicindo que aínda anda por alí “algún cartel coa cara do Sr. Feijóo”.

O **Sr. Leiro Otero, concelleiro do Grupo Municipal do PP**, dixo que o cartel en cuestión foi retirado onte ás doce da noite.

5º) A **Sra. Fervenza Celestino** solicitou dous espellos para as rúas Coruña e Ourense de Sanxenxo.

6º) A **Sra. Fervenza Celestino** solicitou máis información sobre a incidencia da covid-19 no noso concello.

O **Sr. Alcalde** manifestou que todos os martes e xoves se reunían telematicamente varios alcaldes coa conselleira de sanidade e, anunciou que na actualidade hai 36 contaxiados en Sanxenxo, explicando que se está a tratar de atopar fórmulas de protección contra a pandemia.

## **PREGUNTAS**

O **Sr. Presidente** pasou a responder varias preguntas formuladas o día 27 de xullo de 2020, formuladas pola **Sra. Rodríguez Búa**:

1º) En relación co peche do pavillón de Nantes, o **Sr. Presidente** dixo que a instalación deportiva está sen pechar este ano, esperando que a actuación se leve a cabo o ano próximo.



2º) En relación coa pregunta sobre o club de piragüismo e o skate park o Sr. Presidente dixo que dende o 31 de xullo está aberto o skate park, e dende o 20 de agosto o club de piragüismo.

3º) En relación sobre a valoración do alcalde sobre a instalación das famosas “cuadriculas” na praia de Silgar, o **Sr. Presidente** manifestou que foi un éxito rotundo e tivo unha publicidade internacional impagable. Tamén dixo que houbo 15 puntos porcentuais máis a maiores de ocupación e pernoctacións este verán en relación con outras zonas e neso tivo que ver que os visitantes considerasen a Sanxenxo un pobo seguro.

4º) En relación coa pregunta sobre retribucións dos policía locais que viñeron de fóra polas noites realizadas, o **Sr. presidente** manifestou que cobraron 240 euros por noite, que é a mesma cantidade que cobraron os outros integrantes da plantilla policial.

A continuación o **Sr. Presidente** pasou a responder a pregunta formulada polo concelleiro Sr. Torres Pérez, presentada no Rexistro do concello, o día 25 de setembro de 2020, co número 2020009003. En concreto preguntouse cando ía a ser tapado o oco que quedou no chan por mor da caída e posterior retirada dunha farola que caeu derrubada na alameda de Vilalonga o día 30 de xuño de 2020. O **Sr. Presidente** contestou que esta deficiencia quedaría arranxada esta semana ou na que vén, segundo lle indicou o concelleiro de servizos.

A **Sra. Rodríguez Búa** preguntou as razóns polas que continúa pechada a piscina municipal.

Tamén a **Sra. Rodríguez Búa** preguntou se o concello ten a intención de incluír a toda a plantilla do SAF na posible externalización do servizo.

A **Sra. Rodríguez Búa**, preguntou que trámites se están a seguir no expediente de contratación da xestión de servizos públicos de auga, saneamento e depuración (actualmente xestionada por “Espina & Delfín”) porque está a rematar o prazo de concesión e das prórrogas.

A **Sra. Rodríguez Búa** expuxo que aínda que non é obrigatorio o transporte escolar para os alumnos de bacharelato do Instituto de Vilalonga, é unha desigualdade que polo traslado destes alumnos (por exemplo das zonas de Areas, Bordóns e Dorrón) teñan que abonar uns cen euros ao mes mentres que o transporte é gratuíto para o ensino obrigatorio. Preguntou se se fixo algunha xestión por este tema.

O **Sr. Torres Pérez** preguntou cando se ten previsto urbanizar a zona situada diante de “Casa Alvarito” porque o demandan varios veciños que incluso plantexan construír unha rotonda na zona.

O **Sr. Torres Pérez** preguntou cando se van a acometer as obras de construción de beirarrúas da estrada da Arnosa porque está en situación terceiromundista con risco para os rapaces que van andando ao instituto e que precisan beirarrúas.



A **Sra. Fernández Agraso** preguntou se se pode solucionar o problema que representa que o audio dos plenos se escoite moi mal ata o punto que ela mesma non pode percibir o que di nas sesións.

A **Sra. Fernández Agraso** preguntou se está rematada a obra do Pazo de Quintáns.

O **Sr. Presidente** aclarou que a primeira fase si, pero que faltan máis fases.

A **Sra. Fervenza Celestino** preguntou se haberá neste exercicio subvencións e apoios para as asociacións culturais pois por mor da covid-19 este ano non houbo actuacións nin actividades e están estes colectivos a sufrir un prexuízo económico considerable.

A **Sra. Fervenza Celestino** manifestou que tiveron unha reunión cos veciños de Dorrón que lle plantexaron a problemática do campo de fútbol do lugar. Preguntou así cando ten pensado retomar as xestións para que se realice a obra do campo de fútbol de Dorrón.

Volveu a tomar a palabra a **Sra. Fervenza Celestino** par dicir que hai unhas obras na explanada que está detrás do colexio da Florida, preguntando, ao haber un regato no lugar, se hai permiso de Augas de Galicia para esta actuación e que é o que se está a facer.

De novo a **Sra. Fervenza Celestino** preguntou que tipo de contrato e que tipo de licitación pública se fixo para que houbera dúas empresas “facendo negocio” na praia de Silgar, porque non houbo concorrencia competitiva e incluso houbo material de praia dentro das parcelas instaladas. Rematou dicindo que o 60% de ocupación hoteleira en Sanxenxo non foi polas famosas cuadrículas senón a pesar da colocación das mesmas.

A **Sra. Fervenza Celestino** preguntou se despois de instalar o “corralito” na praia que outra cousa vai facer para dar unha publicidade tan negativa para Sanxenxo.-----

Sendo as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

